

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2023/17	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria urgente Motivo: «necesidade de ultimar neste exercicio dous procedementos con trámite de exposición ao público, referentes á modificación orzamentaria nº 59/2023 e á modificación da ordenanza reguladora do IBI»
Data	26 de outubro de 2023
Duración	Desde as 20:36 ata as 23:21 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	José Carlos López campos
Secretaria	María Jesusa Fernández Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ



██████████	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
██████████	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
██████████	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
██████████	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
██████████	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
██████████	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
██████████	M ^a DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
██████████	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
██████████	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
██████████	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
██████████	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

PRONUNCIAMENTO SOBRE A URXENCIA DA CONVOCATORIA E A SÚA APROBACIÓN

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Polo **Sr. Alcalde** motívase a urxencia da convocatoria na necesidade de ultimar neste exercicio dous procedementos con trámite de exposición ao público, referentes á modificación orzamentaria do expediente 6645/2023 e á modificación da ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbiles (expte. 6555/2023).

O voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, anuncia que o seu grupo votará e contra da urxencia ao considerar que o feito de que un grupo de goberno serio convoque con tan só un prazo de dous días, deixando pouco marxe aos grupos da oposición para estudar dous expedientes tan importantes, é unha falta de respecto, tanto a nivel político como persoal. Así mesmo quere lembrarlle ao equipo de goberno que o Concello non é deles en exclusividade e que o resto de concelleiros e concelleiras que están presentes hoxe no pleno representan aos veciños e veciñas, sendo unha das funcións da oposición fiscalizar o traballo do



gobierno; polo tanto, di que pode aguantar que se lles falte ao respecto aos grupos da oposición, pero non vai a tolerar que se lles falte a todos os veciños e veciñas e que eles tamén representan a través deste tipo de “cacicadas”.

Intervén o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para trasladar o voto en contra do seu grupo por causa do pouco tempo concedido para analizar os asuntos que se inclúen nesta orde do día e que son tan importantes. Ademais, lle parece que esta situación é unha práctica habitual neste Concello, non sabendo se é por facer as cousas a correr ou ben por darlles pouco tempo á oposición para velas, de todos os xeitos, non está ben.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, informando que votará en contra da urxencia sumándose as razóns dadas polos anteriores voceiros, xa que estamos ante dous expedientes de moita relevancia que foron tratados na previa Comisión Informativa de xeito urxente ao igual que de urxente é tamén esta sesión plenaria, parecendo que se pretende que estes acordos pasen desapercibidos para os medios de comunicación co fin de que non chegue á opinión pública.

Finaliza dicindo que lle parece curioso que non foran capaces de aprobar os orzamentos municipais en doce meses, sen embargo estes expedientes tan complexos en dous días son tramitados.

Non habendo máis intervencións, sométese a urxencia a votación, sendo aprobada polos votos a favor do grupo do Partido Popular e en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

Expediente 6645/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 59/2023 (EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 28/D/2023)

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que este expediente de modificación orzamentaria ten o obxecto de transferir créditos de distintas áreas de gasto, en concreto unhas transferencias que suman a cantidade total de 236.000,00 € que proveñen, principalmente, do Capítulo I (postos vacantes), partidas que quedarían sen executar e que se transfiren a outras partidas contables e que son as que figuran no



expediente.

Pide a palabra o voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, para dicir que o que se pretende aprobar é unha modificación do Orzamento prorrogado do ano 2022 co fin de afrontar pagos pendentes deste Concello, porque agora existen dificultades para poder pagarlle aos noso provedores e, incluso, se están a poñer no límite a varios destes últimos. Di que o seu grupo nunca se puxo en contra de unha modificación de crédito co fin de pagar aos provedores e hoxe tampouco o van a facer; pero esta modificación de crédito ven da incapacidade do grupo de goberno para cumprir os seus deberes, entres o que se atopa o sacar adiante un Orzamento, sendo o motivo deste expediente a incapacidade do grupo de goberno de non facer ben o seu traballo.

Polo dito, comunica que o seu grupo non vai a ser obstáculo para que os provedores cobren, pero está farto de que a oposición teña que votar a abstención cun voto de chantaxe, non avala para nada a xestión política e económica que se fai neste Concello.

Intervén o voceiro do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para anunciar a abstención do seu grupo na votación deste asunto que se está a tratar en base á necesidade deste expediente ao non haber uns orzamentos feitos. Finaliza pedindo e pregando que para o ano que ven o Orzamento estea feito en tempo e forma, algo que non considera difícil por ter a maioría absoluta, e así poder evitar estas actuacións.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando a súa abstención na votación por priorizar o pago a provedores, sen embargo quere dicir que, xa é moi habitual neste Concello que os Orzamentos non sigan a súa tramitación normal, de feito non hai un ano no que fora aprobado dentro de prazo, algo difícil de entender cando o equipo de goberno ten unha maioría absoluta, demostrando a desidia total e absoluta da xestión económica municipal.

Intervén novamente o concelleiro delegado de Facenda, **Sr. Blanco Carracedo**, para aclarar que non estamos ante un asunto de carácter orzamentario senón dun problema de liquidez, porque estas partidas sobrantes do Capítulo I (persoal) ían para Remanentes e se van a utilizar para solucionar problemas de liquidez provocados polo goberno central, xa que o Concello ten que facer fronte ao pago de certificacións de obras que terían que haberse feito co diñeiro provinte de subvencións, pero como o Ministerio non fixo o seu traballo en tempo e forma afrontamos agora este problema.



O **Sr. López Bueno** di que comprende, dende o punto de vista político, a teima que ten este equipo de goberno ao goberno central, pero o goberno central non lles debe eses cartos , senón que no ano 2023 este concello pediu unha prórroga pra finalizar o proxecto de renovación das luminarias no rural; ademais, despois de 12 anos (16 contando este mandado) gobernando este municipio, algunha responsabilidade deberán de ter, recoñecendo que na administración algunhas veces o Estado, a Xunta ou a Unión Europea tardan en pagar, polo que o problema é non facer unha previsión económica para cubrirse ante eses eventuais atrasos; polo que estamos ante unha mala previsión do grupo de goberno, e non pode ser que traten agora non asumir a súa responsabilidade cargándoa ao goberno central, non sendo unha explicación de recibo para a nosa veciñanza.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que lle parece ben que o Sr. López Bueno se poña a camiseta socialista, pero debería defender máis os intereses dos nosos veciños e veciñas, porque el, cando unha administración non fai ben as cousas, o di publicamente e, neste caso, tanto a Xunta como a Deputación están ao corrente co pago de todas axudas e obrigas concedidas, sen embargo o goberno central ten unha débeda cos concellos suxeitos a fondos europeos e, en concreto co noso Concello, débenos máis de seis millóns de euros, porque están certificados e pagados proxectos financiados con fondos europeos por un valor de seis millóns de euros e o Ministerio supostamente está a recibir constantemente eses fondos anticipados por parte de Bruselas e a administracións locais non recibimos nada ata de agora. Polo dito, prega ao voceiro socialista que siga as prensas comarcais e vexa en que situación límite e tensión financeira están varios concellos pola non resposta e toma de decisións do Ministerio, polo tanto non é unha situación que está a sufrir só o concello da Estrada, aínda que nós tiñamos pulmón financeiro.

En contestación á voceira do grupo Mixto, lle lembra que este grupo de goberno aprobou dez orzamentos municipais, pero é certo que no ano 2022 e 2023 se decidiu non aprobar un orzamento debido á complexidade na elaboración dunha estratexia nun escenario moi difícil; e, polo dito no parágrafo anterior, existe un déficit na saúde local , porque cada vez temos que prestar máis servizos cunha carga maior pero cun nivel de ingresos menor, aínda así, este Concello foi capaz de manter unha situación económica notable e a última liquidación do remanente negativo que tivo esta casa foi co partido socialista no goberno, pero a partir de aí se remontou o vo gracias á boa xestión tributaria deste grupo de goberno e que foi capaz de pechar todos os orzamentos municipais con liquidacións de remanentes positivas, salvo no ano 2022 por mor dos proxectos con fondos europeos que se xestionaron e xestionan pero, debido a unha negligencia do goberno central, nos está a levar a unha situación económica límite que nos



obriga a un gran esforzo para manter a nosa liquidez e facer fronte aos pagos ao igual que a outras concellos. Continúa dicindo que espera que se estableza unha certa normalidade polo goberno central e se tomen en serio ás administracións locais e as súas limitacións económicas, sobre todo agora que pronto tomará posesión o novo ministro de facenda e que este sexa sensible con esta situación, mentres tanto o concello da Estrada seguirá pagando aos seus provedores con esforzo, ao igual que se fixo ata de agora e cumprindo os prazos legais, porque todos os exercicios se pecharon pagando a totalidade dos servizos prestados durante o mesmo, algo que non pode dicir o partido socialista que trampeaba deixando centos de facturas nos caixóns.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para dicir que está de acordo que oxalá a administración do Estado fora máis áxil e que a falta deses seis millóns de euros doen moito, pero o grupo de goberno debería ter previsto esta situación e, o pasado mes de maio, o Alcalde tiña un discurso contrario ao de agora cando dicía que a saúde financeira do Concello era xenial e agora é un desastre, culpando ao goberno central disto e de non ter feito o Orzamento municipal.

Por outra banda, di que se segue insistindo na famosa mentira das facturas agachadas no caixón polo antigo goberno municipal socialista, cando o propio órgano interventor dixo que non era tanta cantidade porque o programa de contabilidade o reflectía mal. Así mesmo, está farto de que este grupo de goberno sigan falando do bipartito cando xa levan doce anos no goberno e daquel goberno xa non queda ninguén, polo que se debería ter, de unha vez por todas, debates serios.

En canto ao dito de que todas as liquidacións do orzamento deste goberno foron positivas, di que espera que lle expliquen como no ano 2011 para que a liquidación fora positiva se é certo cando din que había millón e medio de euros sen partida orzamentaria e que non se podían pagar.

Contesta o **Sr. Alcalde** que, en primeiro lugar, de que non lle debe de caber dúbida algunha de que este grupo de goberno vai a aprobar os orzamentos en tempo e forma, de feito, probablemente nas primeiras semanas do vindeiro mes de novembro se convocarán a Comisión Informativa e o Pleno para a aprobación inicial do Orzamento para o exercicio 2024, co fin de que estea en vigor o día 1 de xaneiro.

Continúa dicindo que na campaña electoral o grupo socialista fixo a súa maior estratexia foi poñer un cartel na súa sede onde figuraba que este Concello tiña o maior endebedamento da historia e que este grupo de goberno ía a arruinar ao concello da Estrada, de feito ata repartiron papeis na feira nun intento desesperado de chegar á cidadanía, papeis que falaban de débedas das que eran sabedores que eran mentiras, porque, como explicou xa en varias ocasións, este concello cumpriu, dentro da Lei de Estabilidade Orzamentaria, o nivel de endebedamento en todos os Orzamentos, de feito só se pediron operacións de préstamo de forma ordinaria daquel



capital amortizado no exercicio anterior e así cumprir coa obriga da nomeada Lei, facéndose dúas operacións extraordinarias, unha para financiar o millón e pico de euros do que se tiña que aportar para o IDAE polo proxecto de cambio de luminarias no rural, e, a outra, consistente nun préstamo de catro millóns e pico de euros en previsión para os próximos catro anos co fin de financiar novos proxectos ou para planificar investimentos que permitan ao concello ter os fondos para concorrer a eses proxectos aínda que non sexan utilizados, tal é o caso do que aconteceu co módulo de atletismo.

Continúa dicindo que a xestión dos fondos europeos é moi pesada para unha administración local como a da Estrada e si a administración central non é sensible con esta realidade mediante diversas actuacións, tales como un anticipo de fondos, entón nos pon nunha situación moi difícil, pero non só para o noso concello, senón tamén para outros que están vivindo este mesmo problema independentemente do partido político que os governe.

En canto á memoria histórica, acusa ao grupo socialista de ter unha memoria moi selectiva porque só falan de tempos atrás cando lles interesa e cando non se queixan, reiterando o dito na súa anterior intervención en canto ao remanente negativo da liquidación do orzamento municipal cando gobernaba o bipartito PSOE – BNG, de feito, cando entrou o actual grupo de goberno tivo que paralizar os pagos co fin de centrarse nos das facturas pendentes que deixou esa anterior corporación, pedindo, incluso, operacións de crédito extraordinarias por importe de máis de seiscentos mil euros para sumar a outra igual cantidade de fondos propios co fin de facer fronte a esa débeda herdada. Polo tanto, aínda que o grupo do partido socialista daquela non é mesmo que o de agora, pero o catecismo é o mesmo; sen embargo, o actual grupo de goberno leva 11 anos de xestión extraordinaria instando ao voceiro socialista que revise as liquidacións orzamentarias e os orzamentos de cada exercicio para que observe que solo agora é diferente debido a causas provocadas pola mala xestión do goberno central, sendo necesario que a administración local, dunha vez por todas, reclame os seus dereitos e se trate de igual maneira que a unha administración autonómica ou a unha administración central, e non como unhas administracións menores que teñen que estar soportando a mala xestión doutras.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta a votación, adoptándose polos votos a favor do Partido Popular e as abstencións dos grupos do PSdePSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente de transferencia número 28/D/D2023 destinado a dotar crédito para facer fronte a gastos relativos á realización de actividades promovidas polo Concello.

Tendo en conta que as aplicacións de orixe que se minoran teñen na actualidade



crédito suficiente e poden minorarse sen deterioro do respectivo servizo.

Visto o informe/proposta do concelleiro delegado de Facenda, asinado con data 20/10/2023.

Visto o certificado sobre disposición de créditos das partidas afectadas por este expediente, asinado con data 20/10/2023.

Visto o informe emitido con data 20/10/2023 pola Intervención municipal.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 23/10/2023.

Visto o disposto nos artigos 179.2 e 179.4 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; e no artigo 40.3 e 42 do RD 500/1990, de 20 de Abril;

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 28/D/2023 (modificación orzamentaria número 59/2023), por importe total de 236.000,00 euros, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicacións do orzamento de gastos susceptibles de redución (236.000,00 euros):

Aplicación: 132.120.01 . Denominación: SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO. SOLDOS DO GRUPO A2. Importe: 8.500,00

Aplicación: 132.120.03 . Denominación: SEGURIDADE E ORDE PÚBLICO. SOLDOS DO GRUPO C1.
Importe: 32.000,00

Aplicación: 132.121.00 . Denominación: RETR COMPLEMENTARIAS (DESTINO) PERSOAL FUNCIONARIO.P LOCAL
Importe: 30.000,00

Aplicación: 132.121.01. Denominación: RETR COMPLEMENTARIAS (ESPECÍFICO) PERSOAL FUNCIO. P LOCAL
Importe: 30.000,00

Aplicación: 165.120.05. Denominación: SOLDOS GRUPO E.PERSOAL FUNCIONARIO. ALUMEADO
Importe: 7.500,00





Aplicación: 165.120.06. Denominación: ALUMEADO PÚBLICO. TRIENIOS.PERSOAL FUNCIONARIO.

Importe: 5.000,00

Aplicación: 165.121.00. Denominación: RETR. COMPLEM. DESTINO. PERSOAL FUNCIONARIO. ALUMEADO.

Importe: 4.000,00

Aplicación: 165.121.01. Denominación: RETR. COMPLEM. ESPECÍFICO. PERSOAL FUNCIONARIO. ALUMEADO.

Importe: 6.000,00

Aplicación: 151.1.130.00. Denominación: RETRIBUCIÓNS PERSOAL LAB. FIXO UNIDADE TÉCNICA URBANISMO

Importe: 30.000,00

Aplicación: 151.2.130.00. Denominación: RETRIB. PERSOAL LABORAL FIXO.UNID ADMINISTR. URBANISMO

Importe: 15.000,00

Aplicación: 151.4.121.00. Denominación: OBRAS E SV BÁSICOS ÁREA URBANISMO.COMPLEMENTO DE DESTINO

Importe: 18.000,00

Aplicación: 151.4.121.01. Denominación: OBRAS E SV BÁSICOS ÁREA URBANISMO. COMPLEMENTO ESPECÍFICO

Importe: 20.000,00

Aplicación: 151.4.130.00. Denominación: RETRIB. PERSOAL LAB FIXO OBRAS E SERV BÁSICOS URBANISMO

Importe: 16.000,00

Aplicación: 151.5.121.00 Denominación: MANTEMENTO INSTALAC. MUNICIPAIS A. URBANISMO. C. DESTINO.

Importe: 4.000,00

Aplicación: 151.5.121.01 Denominación: MANTEMENTO INSTALACIÓNS MUNICIPAIS



A. URB. C. ESPECÍFICO.

Importe: 2.000,00

Aplicación: 151.5.130.00 Denominación: MANT INST.MUNICIPAIS A. URBANISMO
PERSOAL LABORAL

Importe: 8.000,00

2.- Aplicacións do orzamento de gastos con aumentos de crédito (236.000,00 euros):

Aplicación: 323.0.227.06 Denominación: ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS.
GARDERÍA INFANTIL

Importe: 27.290,00

Aplicación: 330.226.99 Denominación: GASTOS DIVERSOS. CULTURA

Importe: 36.000,00

Aplicación: 338.226.99 Denominación: GASTOS DIVERSOS. FESTEXOS POPULARES

Importe: 82.000,00

Aplicación: 340.226.99 Denominación: GASTOS DIVERSOS. DEPORTES

Importe: 62.461,00

Aplicación: 330.625.00 Denominación: INV NOVO. MOBILIARIO E APARELLOS.
CULTURA.

Importe: 2.137,00

Aplicación: 340.623.00 Denominación: INV NOVO. MAQUINARIA E ÚTILES. DEPORTES

Importe: 5.602,00

Aplicación: 340.625.00 Denominación: INV NOVO. MOBILIARIO E EQUIPAMENTO.
DEPORTES

Importe: 2.000,00

Aplicación: 340.632.00 Denominación: INV REPOSICIÓN. EDIFICIOS E OUT CONST
DEPORTES

Importe: 8.846,00



Aplicación: 340.633.00 Denominación: INV REPOSICIÓN. MAQUINARIA E INSTALAC. DEPORTES

Importe: 9.664,00

Segundo.- O expediente de transferencia de crédito 28/D/2023 (modificación orzamentaria nº 59/2023), que se aproba inicialmente, exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación Municipal, prazo no que as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 179.4 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 42 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

Expediente 6555/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 13, En contra: 8, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Toma a palabra o concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, para explicar que estamos ante a proposta de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbil e que supón a derogación de todas as modificacións feitas anteriormente coa conseguinte aprobación dun novo texto que se caracteriza por dúas cuestións fundamentais, a primeira é a introdución dun articulado para o incremento cun 50% do dito imposto ás vivendas desocupadas, en aplicación da Lei de Vivenda do ano 2023.

Antes de continuar co detalle desta proposta, quere deixar constancia, previo apunte do grupo socialista, da proposta de supresión do parágrafo penúltimo do punto 5 do artigo 8 do borrador da Ordenanza o cal di literalmente: “*Non se aplicará esta recarga a inmobles de titularidade de persoas físicas, administracións públicas, entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002 de 23 de decembro e entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria sempre que estas últimas fosen constituídas por persoas físicas, administracións públicas ou entidades incluídas no réxime fiscal da lei 49/2002.*”.

Prosigue coa explicación da proposta dicindo que, coa introdución deste novo articulado, se contempla a posibilidade de incrementar tamén co 50% ás persoas que teñan catro o máis inmobles no territorio nacional e que levan máis de dous anos desocupados, incremento que poderá alcanzar o 100% se se chega a máis de tres anos desocupados; e, no caso de titulares de máis de tres inmobles no concello de



A Estrada, pódese incrementar nun 150%. Con todo isto, o obxectivo é o incremento do parque de oferta de arrendamento.

Por outra banda, tamén se propón o incremento do tipo impositivo do IBI do 0,4 ao 0,5 por cento, motivado polo aumento dos gastos a causa da inflación a sufrir por este Concello, do custo dos servizos (por exemplo, da recollida de lixo, axuda no fogar, saneamento, auga, limpeza de edificios, etc.) e o tipo de interese, o que nos obriga a tomar decisións para incrementar os ingresos co fin de facer fronte ao mantemento da prestación de todos os servizos municipais, sendo menos gravosa para a cidadanía a suba do IBI e non o custo dos nomeados servizos, porque o incremento deste imposto por vivenda será de corenta euros por ano, mentres que o das taxas de recollida de lixo, auga e saneamento sería superior aos noventa euros. Polo dito, se toma esta dura decisión de aumentar os tipos impositivos despois de 12 anos conxelados, ao igual que moitos concellos do noso país.

Pide a palabra o voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, para dicir que estamos ante un expediente tramitado nun tempo récord, xa que todos os documentos teñen data de 20/10/2023. Di tamén, que o grupo de goberno alega que as taxas non subiron en doce anos e que os impostos se conxelaron, pero afirma que isto non é verdade porque a recadación do IBI no ano 2011 era de 1.140.000 euros e agora vai a ser de 3,3 millóns de euros, pregúntanse quen paga esa diferenza dos 200%, existindo dúas alternativas posibles, que o que se puxo no PXOM (de incremento de veciños coa creación de vivendas) se cumprira, o que non foi así; polo que o incremento do 200% ven de medida estrela adoptada cando entrou este grupo de goberno, é dicir, da eliminación da bonificación do IBI do 37,35%, do “catastrazo” da Lei Montoro e, agora, ven a suba do tipo impositivo do 0,4 ao 0,5 por cento (25% dos recibos), todo demostrable ao observar os orzamentos de 2011, 2022 e do 2024 cando se aprobe.

Por outra parte, o goberno municipal cando anunciou esta medida fala de recibo medio e incremento medio, pero se se utilizan os tipos medios diluímos as cargas impositivas, algo que lle convén, pero se se vai ao caso concreto, un recibo que no ano 2011 pagaba 130 ou 140 euros, coa supresión da bonificación pasaron a pagar 330 euros e, para o ano que ven, pagará 412 euros. Polo tanto, considera que estamos ante unha suba dramática para os fogares estradenses.

Agradece, así mesmo, que o grupo de goberno tivera en consideración a súa proposta de retirar o parágrafo penúltimo do punto 5 do artigo 8 da Ordenanza do IBI, porque, aínda que está de acordo en que se estableza un recargo do imposto ás vivendas desocupadas co fin de solucionar o problema da falta de vivendas de alugamento, pero ese parágrafo deixaba impracticable ese recargo aos propietarios de varias vivendas que hai no noso concello. Tamén critica que na redacción de este documento se aplica a nova Lei da Vivenda pero sen deseñar ningún instrumento para a súa aplicación e que deixa sen efecto a aplicación deses incrementos do imposto que aos grandes tenedores, algo que vota en falla nesta Ordenanza, ademais da falta da emisión dun informe económico que especifiquen as alternativas que se poden tomar, polo contrario, se tramita de xeito rápido e hai que tomar por boa a explicación do concelleiro de Facenda sen ese informe que a avale.

Por outra banda, considera que a mala xestión e a barra libre de gasto do grupo de goberno a ten que pagar agora os veciños e veciñas, en lugar de adoptar outras medidas, como optar pola vía do gasto, é dicir, reducir os gastos do Concello; ou ben adoptar métodos híbridos.

Continúa coas medidas que se poderían tomar e evitar esta suba do IBI, a parte das sinaladas anteriormente, como a redución do que se paga a SOGAMA mediante a toma de medidas co fin de diminuír o lixo, aconsellando diferentes opcións, tales como a colocación de composteiros cunha campaña de concienciación e que suporía un aforro de cen mil euros ao ano. Outra medida de contención do gasto sería que o grupo do Partido Popular da Estrada predicara co exemplo e fixera un



esforzo igual ao que lle pide á nosa veciñanza, así os corenta mil euros en dedicacións que se subiron fai pouco revertilos e así teríamos 145.000 euros ao ano. Por outra banda, no Orzamento hai decenas de partidas de gasto que quedan sen executar e que se podían destinar a aforro.

En definitiva, por causa de non facer caso á oposición o grupo de goberno meteuse na situación económica actual e agora queren que os veciños e veciñas solucionen o problema, así que considera que esta suba non está xustificada para nada.

Finalmente, di que o seu grupo non pode apoiar esta proposta da suba do IBI por non estar de acordo con esta forma de proceder do grupo de goberno e polo que vai a supoñer para os nosos veciños e veciñas.

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para dicir, en relación ao manifestado de que a xestión do Concello foi sobresaínte, que non entende porque agora atopámonos con este tipo de cousas e considerando que a nota sería, como moito, de 5; e, en relación ao dito sobre que hai que pedir responsabilidade independentemente da cor política, considera que así debe de ser, polo que todos aqueles servizos que foron detallados e que viron aumentado o seu gasto son responsabilidade da Xunta delegada nos Concellos, pensando que é necesario protestar e queixarse por esta situación, ao igual que o farían se o goberno autónomo fora doutro partido. Por outra banda, pensa que o goberno central, o Concello da Estrada e a Xunta prefiren centrar o gasto noutras cuestións que chaman máis a atención e que dan máis votos pero que, a longo prazo, son menos beneficiosas para a poboación. Ademais, no caso concreto do noso concello, é un momento moi malo para subir o IBI porque estamos a piques de baixar dos vinte mil habitantes e, en caso de que isto aconteza, esta suba non vai a servir de nada porque o orzamento municipal vai a ser moito menor. Continúa dicindo que o seu grupo cre máis nunha progresividade dos impostos, cobrando ás persoas que máis teñen.

Con respecto á obra que se vai a facer nas pistas de atletismo, di que a obra en si non vai a supoñer cartos para o Concello pero non se pode esquecer que si o suporá o seu mantemento, entón, por cuestión de prioridades, pregúntase en ¿que queremos gastar?, ¿no servizo de axuda no fogar ou nos deportes? Así que se debe ter prioridades e mentres non estean cubertas as necesidades básicas da poboación non se pode investir noutra cousa.

Para rematar, di que considera que hai que baixar os soldos, porque se non hai cartos para manter os servizos básicos, non pode ser que cada lexislatura se aumenten os soldos aos concelleiros por moita responsabilidade que teñan, porque non hai cartos para mantelos.

A voceira do grupo municipal Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, di que estamos ante un tema o suficientemente importante para tratar con máis tempo e non en tan só un fin de semana, considerando que A Estrada xa paga un IBI excesivo, lembrando a necesidade de elaborar unha nova ponencia de valores ou estudar de que a actual estea ben feita, xa que hai determinadas zonas do casco urbano que pagan a mesma cantidade que na Coruña (con vivendas das mesmas características), a pesar do que o seu valor no mercado é moito menor. Así mesmo, sería necesario estudar alternativas de recursos e gastos antes da suba do IBI, sobre todo ante o momento de inflación no que estamos e que afecta á economía dos nosos veciños e veciñas e que esta proposta ven a castigar máis os seus petos. Ante o dito, considera que se debería haber estudado outros métodos para obter ingresos ou reducir gastos para as arcas municipais e non optar pola vía fácil de incrementar o IBI, porque o noso Concello debería de dar exemplo e empezar a reducir gastos, existindo partidas orzamentarias que corresponden a gastos non asumibles pola administración local (segundo consta en informes de Intervención) e cantidades adicadas a bens ou servizos totalmente prescindibles, etc., pero non, porque en vez de xestionar dunha forma intelixente o gasto público opta por buscar de onde se pode obter maiores



ingresos a costa das familias estradenses.

En canto ao manifestado polo voceiro socialista sobre a redución do canon de lixo e optar por unha boa xestión dos residuos orgánicos, lembra que MOVETE había proposto que este Concello sadherirse ao Plan Compós da Deputación de Pontevedra explicando o aforro que suporía tamén para a veciñanza, pero o grupo de goberno a rexeitou dicindo que esa actuación era viable sen contar coa Deputación mediante o fomento do reciclaxe dos residuos orgánicos e suporía un igual aforro, sen embargo nunca se fixo. Ante o anterior, di que non se ve a un goberno preocupado por aforrar e por controlar o mal gasto, senón que busca unha solución tomando esta medida de suba do IBI de xeito precipitado e rápido.

Continúa anunciando que votará en contra desta proposta porque, a parte do argumentado anteriormente, provocará un aceleramento na perda de poboación, problema este último que pouco preocupa ao grupo de goberno, de feito só fixo unha campaña ridícula de empadroamento a principios de ano pero mantendo uns servizos precarios.

Intervén o **Sr. Alberto M. Blanco Carracedo** para lembrar que outra das medidas tomadas no ano 2011 fora negociar con Augas de Galicia o pago da planta de abastecemento de auga. Continúa aclarando que é verdade que se leva doce anos sen incrementar o IBI, senón que este subiu pola situación en que nos deixou o bipartito e, o “catastrazo” de Montoro foi no ano 2022 e xa gobernaba o Partido Socialista e que supuxo unha suba do 17% de varios impostos. Tamén quere dicir que o Partido Socialista saber moi ben o que é subir impostos, porque o fixo todos estes anos con un IPC desmesurado e sen aplicar a deflación do IRPF, estando na actualidade na época de máis recadación dun estado.

Continua dicindo que considera o IBI como un medio de restitución de riqueza, porque ao final vai a pagar máis o que máis propiedades teña, polo que é unha medida adecuada que a de subir as taxas.

En canto ao dito polo voceiro socialista sobre que nota a falta dun informe económico, di que non fai falta máis que sumar os déficits existentes en lixo e auga para ver que iso duplica o que se vai a incrementar por vía do IBI; porque falan de subir as taxas, para cando unha destas sube antes hai que facer un estudo económico para ver cal é o custo efectivo do servizo, non podéndose poñer a taxa por un valor inferior, porque unha vez feito o cálculo hai que dividir entre os suxetos pasivos e deixar a cifra.

Di que, debido a unha inflación acumulada de moitas medidas que se seguen tomando polo goberno central mediante unha recadación récord, ben podería incrementar a participación de ingresos do estado aos concellos, deste xeito podíase paliar os problemas económicos destes últimos.

O **Sr. López Bueno** di que, efectivamente, hai unha revisión catastral aprobada polos orzamentos do Estado 2022, pero á Estrada non chegou nin cre que chegará en moitos anos se se segue co ritmo de execución que se está a levar, sen embargo para subir o IBI si .

Di que se non se elimina ese parágrafo da Ordenanza que se traía aquí ao Pleno os grandes tenedores no pagarían nada e, dende logo, o seu grupo non pode admitir que o grupo de goberno veña aquí sen un informe económico e, por enriba, defendan que non hai que telo e dar por bo o que se propoñe e sen saber se hai algún outro tipo de medidas de axuste; polo tanto, os grupos da oposición hoxe non coñece como se valorou esta suba en rexeitamento doutras posibles alternativas.

O **Sr. Xoán Reyes Villar** intervén para matizar o que dixo sobre a súa crenza nos impostos progresivos, non quería dicir que os que tiveran máis pagaran máis, senón que o que máis ten pague en maior proporción.



O Sr. **Alcalde** di que, a veces, é difícil enfrontarse a un escenario como o que temos a día de hoxe e non só a administración local, senón todas en xeral. Entende que a oposición le os medios de comunicación habitualmente e son sabedores o que el dixo na roda de prensa para explicar o tema do IBI, en concreto, no Faro de Vigo, onde hai un artigo que recolle o regalo envenenado que supón o SAF para os concellos responsabilizando á Xunta de Galicia, así que quede claro que este grupo de goberno defende os intereses dos estradenses por enriba de todo e dos colores políticos, o que deixa en evidencia o dito polo voceiro socialista. Así mesmo, di que está a favor do incremento do salario mínimo, pero o que pasa é que non se estuda as consecuencias que isto suporá, así, en relación ao SAF e outros servizos públicos municipais supuxo un incremento de máis do 20%, polo que non podemos reclamar máis servizos, é algo que todos e todas queremos pero alguén o ten que pagar e solidariamente todos e todas temos que facer fronte a eses incrementos; polo que todas esas decisións que se tomaron durante estes anos supuxeron un esforzo moi importante para todas as administracións, e ese esforzo ten que ser compartido e non só para unha administración que xa está ao límite para soportar o gasto corrente e que abarca moito máis que esas partidas das que falan.

Di que alude o voceiro socialista aos composteiros, e debería intentar obviar este tema porque foi un dos grandes fracasos do bipartito PSOE/BNG na Deputación de Pontevedra, porque ese modelo de xestión non funcionou en absoluto, de feito se está a contemplar neste concello a inclusión dese quinto contedor para a fracción orgánica obrigatorio para os concellos de máis de vinte mil habitantes e que nos permita rebaixar o custo a pagar a SOGAMA, pero antes hai que esperar que a Xunta cre as plantas de compostaxe provinciais e de que exista a obriga de separación das fraccións resto e orgánica.

Tamén o Servizo de Axuda no Fogar incrementouse, sen variar a prestación, por diversas causas (suba de combustibles, soldo mínimo, etc.), de feito pasou de 440.000 euros a 1.400.000 euros, suba que as persoas usuarias non asumen e a administración central non deriva os fondos á administración autonómica e, en consecuencia, esta última tan só paso de 10 euros a 12 euros hora, polo tanto o concello está pagando máis de 9 euros/horas e que supón na actualidade máis de 540.000 euros de fondos propios que se están a detraer dos recursos da administración local para prestar un servizo que non é de competencia municipal.

En canto ao servizo de recollida de lixo supón a cantidade de 1.800.000 euros anuais e estamos a recadar menos de 800.000 € e que supón un déficit de un millón de euros; polo que os usuarios non están a pagar o custo real do servizo.

Sobre os impostos progresivos do que falaba o Sr. Reyes, di que o imposto menos progresivo que existe e o máis demoledor para as economías domésticas é a inflación, sen embargo o seu grupo está a apoiar un goberno que ten o récord de inflación na Unión Europea. Así mesmo, di que a maior ferramenta histórica de recadación tributaria dun goberno é o IVE, porque o goberno está a cobrar o 21% do incremento dos prezos que consumen os usuarios, pero nunca escoitou ao voceiro socialista dicir que o goberno central tiña que baixar o IVE por afectar tanto á poboación, porque, ao fin e ao cabo, estamos detraendo recursos das rendas máis baixas e é unha situación insuportable para as familias; sen embargo, cando unha administración local busca a maneira de reconducir unha situación de déficit nos servizos públicos se resgan as vestiduras.

Tampouco quere esquecer o esforzo que supón para os concellos o pagar a limpeza e os conserxes dos centros de ensino, cando é competencia da Xunta, outros gastos que supoñen un enorme esforzo para as arcas municipais. Tamén fala do incremento dos servizos de subministro de auga e saneamento e que non se subiron as taxas. Tampouco durante anos non se subiu o IBI, e o Sr. Zapatero aplicou, sen consultar aos concellos, o incremento do 1,07 dos valores catastrais, e este grupo de goberno anulou unha bonificación ilegal, porque a Lei de Facenda di que tan só podía durar catro anos dende o suba



castatral.

Reitera que esta proposta non é unha decisión sinxela e pode ser que o voceiro socialista teña parte de razón cando dixo da necesidade de facer un análise exhaustivo da prestación dos servizos públicos, que se fará, pero abrir esa porta, ao igual que a da ponencia de valores, vai ser unha porta que non sabemos a onde nos conduce, porque facer unha nova valoración dos servizos públicos va a arrojar un déficit, o cal, repartido entre todas as persoas afectadas vai a supoñer un incremento desmesurado da correspondente taxa, poñendo por exemplo o da recollida de lixo que arroxa un déficit de un millón de euros, que repartido entre as doce mil persoas beneficiarias (aprox.) supón un incremento de máis de oitenta e cinco euros por usuario; polo que se pensou que a situación menos gravosa para a veciñanza era a suba do IBI, considerando que de cara ao futuro, é necesario buscar mecanismos de aforro nos servizos públicos e facer un estudo das taxas, porque o incremento do IBI non soluciona nin o 25% do déficit estrutural que ten o concello da Estrada, así que este grupo de goberno vai a tomar outras decisións, por exemplo vai a prescindir da inversión en investimento do Capítulo VI do Plan Concellos para destinalo a financiar parte do gasto corrente, medida temporal pero que cre que para non repercutirle ese esforzo á cidadanía vaise a facer ese esforzo; tamén se vai a amortizar dous millóns de euros dos catro millóns de euros do préstamo pedido; vaise a lanzar un plan para licitar a prestación dos principais servizos básicos (recollida de lixo, limpeza viaria e de edificios públicos, SAF, escola infantil,...).

Reitera que os concellos están a soportar moita carga económica por facerse cargo dos custos de servizos que outras administracións lles cedeu con baixa colaboración, o que que está a provocar o afogo aos concellos, por iso hai que tomar decisións de obter maiores ingresos, algo que non fácil.

En canto ao dito pola voceira do grupo Mixto sobre que algunhas edificacións do casco urbano pagan o mesmo que outra igual en A Coruña, di que non sabe cal é a información que ten e de onde a sacou, porque é totalmente falso, xa que o recibo medio da Estrada é de 170 euros e na Coruña é de 358 euros, segundo datos oficiais.

Interrompe a **Sra. Mar Blanco** para increpar ao Sr. Alcalde dicindo que non trate de desacreditar os argumentos da oposición, algo non necesario.

O **Sr. Alcalde** di que si é necesario dende o momento de que está a dicir que os recibos da Coruña son máis baratos que os da Estrada, cousa que non e crible nin verdade, considerando que é necesario poñer a cada un no seu sitio, porque os datos falan.

Tamén, en relación co dito pola mesma voceira sobre que non coñece medidas adoptadas por este grupo de goberno para fixar poboación, tan só hai que pasearse pola Estrada para ver a súa transformación durante os últimos anos, exemplo disto é os novos Centro de Saúde, Centro de Día, Escola Infantil, proxectos de melloras urbanas, os campamentos que se fan no caso urbano e no rural, etc.; polo que podería dicir decenas e decenas de medidas que se fixeron por este goberno para mellorar as condicións de vida, a conciliación para que as familias poidan vivir no noso concello, pero se ela nos a ve e só ve os papeis enviados aos domicilios como campaña de empadramento, entón ten un problema de visión.

Sobre o dito polo voceiro socialista sobre que se sube o IBI e non se crean máis servizos, contesta que os servizos están creados, tales como centro de día, campamentos, actividades deportivas, programa de teatro, nivel de infraestruturas públicas, etc.etc., aínda que é consciente de que moitos servizos hai que melloralos, por exemplo, o de recollida de lixo, pero espera que no 2024 se poida modernizar e transformar de forma integral para adaptalo ás necesidades esixidas polas administracións.

En canto ao consello do voceiro do BNG de que no se inverta no módulo de deportes e si en servizos



sociais, di que iso significa que non sabe nin o máis esencial da xestión orzamentaria dunha administración, porque tería que saber que o do Capítulo VI de Investimentos non se pode destinar a gastos correntes, polo que hai que ser un pouco coherente; di que este grupo de goberno acadou que outras administración invertesen no noso concello a niveis nunca vistos, pero isto non é o que nos está a ocasionar a débeda nin o desfase orzamentario, senón que é a prestación dos servizos públicos e que teñen que estar cubertos por unha taxa pública e, neste caso, son todas deficitarias porque non cobren o custo real do servizo, facéndose un esforzo para non subilas e que o veciño paguen máis, pero todo ten un límite e chega un momento en que non se pode facer fronte aos gastos xerados por estes servizos públicos e sen a axuda das outras administracións e hai que tomar medidas para incrementar os ingresos, e sabe que é difícil.

Con respecto ao tema da progresividade, di que o IVE non é progresivo, pero o IBI si o é algo, tendo en conta o valor do patrimonio, pagando un imposto en función do dito valor, cando máis vale máis se paga.

Intervén novamente o **Sr. López Bueno** para recomendarlle ao Alcalde que corrixa o exemplo de progresividade no IBI, porque este imposto ten un tipo impositivo para un tipo de vivenda e, polo tanto, non é progresivo. Di que tamén comete un faio de concepto cando fala de pagar os servizos públicos, non dándose conta de que por moito que os veciños e veciñas paguen unha taxa en última instancia os recursos que recibe este concello tamén son dos veciños e veciñas, porque todos os cartos do Concello e de todas as demais administracións públicas saen dos petos dos veciños, polo que non debería diferenciar entre o que paga “nós Concello” e “os veciños e veciñas”.

Sobre o tema dos composteiros, reitera que o concello podería haberse tido beneficiado deste servizo e así reducir o número de toneladas que se envían a SOGAMA e, conseguintemente, o canon que se lle paga e tamén, independentemente do que pase despois na Deputación Provincial.

Tamén considera errada a decisión da prestación privada dos servizos públicos, porque o este concello padece a inflación pero as empresas privadas tamén, non entendendo porque o grupo de goberno demoniza a prestación pública dos mesmos, temendo que non se vaia producir ningún aforro. Polo tanto, considera que estas medidas de aforro que o grupo de goberno propoñe non se van a cumprir. Comprende que a Xunta de Galicia non é moi belixerante coa hora do SAF en prexuízo do Concello, pero non lle casa que a Xunta conte con tantos cartos dispoñibles para trasladarlles aos concellos e non o faga, así que quizá é porque non quere e non queira tampouco atender ás súas demandas., polo que comparte esa preocupación do grupo de goberno municipal.

En relación coa inflación, volve a repetir o dito na súa anterior intervención, así como reitera os argumentos ditos anteriormente.

Continúa dicindo que hai dous modelos de política para sacar adiante a este concello, o do grupo de goberno e o do seu grupo, este último apostando pola creación dun polígono industrial máis grande e de máis solo industrial, polos servizos de carácter público, apostar por axudas para a creación de vivendas de alugueiro social e por unha Estrada que medre con esas bases. Di que ve uns datos de goberno municipal nefastos de caída demográfica, non criticando as medidas adoptadas para a súa solución, pero deberían vir acompañadas doutras, como ampliar os servizos públicos e mellorando os presentes. Finaliza dicindo que o cargas as familias estradenses unha suba neste imposto do IBI non lle parece a maneira, por iso van a votar en contra.

O **Sr. Alcalde** aclara que, cando falaba da progresividade, o que quería dicir é que non era o mesmo o IVE que o IBI, porque se está a pagar máis cando o valor da propiedade e maior, o o IVE sempre é o mesmo; polo tanto, é unha proporcionalidade máis xusta.



Continúa coa súa intervención reiterando todas as manifestacións ditas nas súas anteriores intervencións. Quere aclarar que ao igual que ten moitos cartos a Xunta, tamén os ten o goberno central. Finalmente, pensa que esta fórmula para acadar máis ingresos mediante a suba do dos ingresos e a máis axeitada neste momento e a que menos dano causa aos petos dos nosos veciños.

Pide a palabra novamente o **Sr. López Bueno**, para reafirmarse no manifestado nas súas intervencións e volvendo ao tema do SAF.

O **Sr. Alcalde**, remata volvendo a contestar o mesmo que dixo anteriormente sobre o SAF, e volvendo a explicar as medidas a adoptar por este Concello para saír adiante desta situación económica actual, esperando que pronto todo se resolva.

Non habendo máis intervencións, sométese a asunto a votación (coa modificación proposta polo grupo socialista), adoptándose, polos votos a favor do grupo do PP e en contra dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a Providencia da Alcaldía de data 20/10/2023 pola que se incoa o procedemento para a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.

Visto que, con data 20/10/2023, emitiuse proposta por parte do concelleiro delegado de Facenda e Contas, aos efectos de emisión de informes polos órganos de Secretaría e Intervención.

Visto que, con data 20/10/2023, a secretaria municipal emite informe xurídico en exercicio da función de asesoramento legal preceptivo, no que consta a viabilidade e legalidade do proxecto proposto de acordo coa normativa aplicable.

Visto que, con data 20/10/2023, a interventora municipal emite informe polo que se avaliou o impacto económico-financeiro da modificación, así como o cumprimento da normativa aplicable e en particular, os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Visto o disposto nos artigos do 15 ao 19 e do 60 ao 77 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Visto o sinalado nos artigos 22.2.d); 47.1, 106 e 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas na sesión celebrada o 23/10/2023.

Tendo en conta o debatido nesta sesión e a modificación proposta polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa á retirada do parágrafo penúltimo do apartado 5 do artigo 8 da ordenanza.

E, de conformidade co disposto no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, adóptanse, por maioría, os seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis nos termos que de seguido se transcriben:

ARTIGO 1.- NORMATIVA APLICABLE



O Imposto sobre Bens Inmóveis rexerá neste Concello:

- a) Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, do 2 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan a dita Lei.*
- b) Pola presente ordenanza fiscal.*

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible deste imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmóveis rústicos e urbanos, e sobre os inmóveis de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmóveis ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.*
- b) Dun dereito real de superficie.*
- c) Dun dereito real de usufruto.*
- d) Do dereito de propiedade.*

2. A realización do feito imponible que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde nel establecida, determinará a non suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3. Para os efectos deste imposto, terán a consideración de bens inmóveis rústicos, urbanos e de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

ARTIGO 3.- NON SUXEIÇÃO

Non están suxeitos a este imposto:

- a) As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.*
- b) Os seguintes bens inmóveis propiedade deste concello, encravados dentro do termo municipal:*
 - Os de dominio público afectos a uso público.*
 - Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo concello, excepto cando se trate de inmóveis cedidos a terceiros mediante contraprestación.*
 - Os patrimoniais, exceptuados igualmente os cedidos a terceiros mediante contraprestación.*

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS

1. Estarán exentos os seguintes inmóveis:

- a) Os que sexan propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas, ou das entidades locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e os servizos educativos e penitenciarios, así como os do Estado afectos á defensa nacional.*
- b) Os bens comunais e os montes veciñais en mancomún.*
- c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da*



Constitución.

d) *Os da Cruz Vermella Española.*

e) *Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular, ou ós seus organismos oficiais.*

f) *A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, nos que o seu principal aproveitamento sexa a madeira ou a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie.*

g) *Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarril e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns, ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentos, por conseguinte, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de espallamento, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.*

h) *Os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a 3 euros, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota agrupada sexa inferior a 5 euros.*

2. Así mesmo, previa solicitude, estarán exentos:

a) *Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado.*

b) *Os declarados expresa e individualmente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real Decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral ó que se refire o seu artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así como os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta de dita lei, sempre que cumpran as seguintes condicións:*

- *En zonas arqueolóxicas, os incluídos como obxecto de especial protección no instrumento de planeamento urbanístico a que se refire o artigo 20 da Lei 16/1985, do 25 de xuño de Patrimonio Histórico Español.*
- *En sitios ou conxuntos históricos, os que contén cunha antigüidade igual ou superior a cincuenta anos, e estean incluídos no catálogo previsto no Real Decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre réxime do solo e ordenación Urbana, como obxecto de protección integral nos termos previstos no artigo 21 da Lei 16/1985, do 25 de xuño.*

c) *A superficie dos montes en que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración Forestal. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partires do período impositivo seguinte a aquel en que se realice a súa solicitude.*

d) *Os bens que sexan titulares dos centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos mesmos. Para a concesión da exención requirirase a previa solicitude do interesado na que se relacionen, con indicación da súa referencia catastral, os bens para os que se solicita a exención e se xustifique a súa titularidade polo centro sanitario e a súa afección directa aos fins sanitarios do referido centro.*

O efecto da concesión destas exencións de carácter rogado comeza a partir do exercicio seguinte á data da súa solicitude e non se aplicarán retroactivamente. Sen embargo, cando o beneficio fiscal se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederase se



na data da reivindicación do tributo concorren os requisitos esixidos para adquirilo.

ARTIGO 5.- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte quen deba satisfacer o maior canon.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas de dereito común. O concello repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos do mesmo, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Así mesmo, o substituído do contribuínte poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lles corresponda en proporción ós canons que deban satisfacer cada un deles.

3. Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible deste imposto, os bens inmoibles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota tributaria nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria. Para estes efectos, os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmoibles asociadas ó inmovible que se transmite.

4. Responden solidariamente da cota deste imposto, en proporción ás súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario. De non figuraren inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmoibles, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme ó disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

2. Os valores catastrais poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e forma que a Lei prevé.

ARTIGO 7.- BASE LIQUIDABLE

1. A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución que legalmente se estableza.

2. A base liquidable notificarase conxuntamente coa base imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada



mediante a indicación do valor base que corresponda ó inmovible así como dos importes da redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral .

3. O valor base será a base liquidable do exercicio inmediato anterior á entrada en vigor do novo valor catastral, agás nas circunstancias sinaladas no artigo 69 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 2 de marzo.

4. Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeneral do Catastro e recorrible ante os Tribunais Económico Administrativos do Estado.

ARTIGO 8.- COTA TRIBUTARIA E TIPO DE GRAVAME

1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.

2. O tipo de gravame para os bens inmovibles urbanos será do 0,50 por cento.

3. O tipo de gravame para os bens inmovibles rústicos será do 0,30 por cento.

4. O tipo de gravame para os bens inmovibles de características especiais será do 1,30 por cento.

5. Nos supostos de inmovibles de uso residencial que se atopen desocupados con carácter permanente, aplicarase unha recarga do 50 por cento da cota líquida do imposto. Esta porcentaxe será do 100 por cento cando o período de desocupación sexa superior a tres anos.

A recarga, que se esixirá aos suxeitos pasivos do tributo, devindicarase o 31 de decembro e liquidarase anualmente, unha vez constatada a desocupación do inmovible en tal data, xuntamente co acto administrativo polo que esta se declare.

Para estes efectos, terá a consideración de inmovible desocupado con carácter permanente aquel que permaneza desocupado, de forma continuada e sen causa xustificada por un prazo superior a dous anos, e pertencen a titulares de catro ou máis inmovibles de uso residencial.

Consideraranse desocupados:

- Os inmovibles que non estean dados de alta no servizo de subministro de auga, ou teñan un promedio trimestral de consumo inferior a 0,10 m³/día.*
- As vivendas manifestamente desocupadas ou inhabitables.*

A porcentaxe de recarga que corresponda conforme ao sinalado anteriormente incrementarase en 50 puntos porcentuais adicionais en caso de inmovibles pertencentes a titulares de dous ou máis inmovibles de uso residencial que se atopen desocupados no termo municipal de A Estrada.

A declaración municipal como inmovible desocupado con carácter permanente esixirá a previa audiencia do suxeito pasivo e entenderase a estes efectos acreditado que existen indicios de desocupación cando no inmovible de uso residencial nos termos anteriormente descritos non figure ningunha persoa escrita no padrón municipal de habitantes no prazo superior aos dous ou tres anos anteriormente referidos.

Consideraranse causas xustificadas de desocupación as seguintes: inmovibles suxeitos a



actuacións de obra ou rehabilitación, ou outras circunstancias que imposibiliten a súa ocupación efectiva; vivendas obxecto dun litixio ou causa pendente de resolución xudicial ou administrativa que impida o uso e disposición da mesma; inmobles que os seus titulares, en condicións de mercado, ofrezan en venda, cun máximo dun ano nesta situación, ou en alugueiro, cun máximo de seis meses nesta situación.

6. A cota líquida obterase minorando a cota íntegra no importe das bonificacións obrigatorias sinaladas na lei e previstas nesta ordenanza.

ARTIGO 9.- BONIFICACIÓNS

1. *Terán dereito a unha bonificación do 90 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior ao remate das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.*

Para aproveitar a nomeada bonificación, os interesados deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate, mediante certificado do técnico director competente das mesmas, visado polo colexio profesional.

b) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e de que non forma parte do inmovilizado, o que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, para efectos do Imposto sobre Sociedades.

d) Fotocopia da alta ou último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

A solicitude da bonificación poderase formular desde que se poida acreditar o inicio das obras, e a acreditación dos requisitos anteriores poderá realizarse mediante calquera outra documentación admitida en dereito. Se as obras de nova construción ou de rehabilitación integral afectasen a diversos solares, detallaranse na solicitude as referencias catastrais de todos eles.

2. *Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma.*

Esta bonificación, que ten carácter rogado, poderá solicitala o interesado en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte ó da solicitude. Para isto, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude da bonificación.*
- Fotocopia da alteración catastral (MD 901).*
- Fotocopia do certificado de cualificación de Vivenda de Protección Oficial.*



- *Fotocopia da escritura ou nota simple rexistral do inmovible.*
- *Se na escritura pública non consta a referencia catastral, fotocopia do recibo do Imposto sobre Bens Inmóbles correspondente ó exercicio anterior.*

3. Ademais, cando concorran os requisitos do punto anterior, as vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo as normas da Comunidade Autónoma, unha vez esgotado o devandito prazo de tres anos, gozarán durante tres exercicios máis dunha bonificación do 25 por cento. Para isto, o interesado deberá achegar:

- *escrito de solicitude da bonificación, e*
- *declaración xurada de que a vivenda para a que se solicita o beneficio fiscal é domicilio habitual do suxeito pasivo do imposto.*

4. Terán dereito a unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra e, no seu caso, do recargo do imposto ó que se refire o artigo 153 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 2 de marzo, os bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

5. De conformidade co establecido no artigo 74.2 quáter do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004, do 2 de marzo, gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmóbles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmovible se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha.

Para poder aplicar esta bonificación, a construción cuxa existencia a xustificaría, deberá estar dada de alta debidamente no Catastro e ter asinada un valor catastral.

Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeito pasivo deberán unir á súa solicitude a seguinte documentación:

- *Acreditación da titularidade catastral do inmovible.*
- *Declaración responsable do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo, de que está desenvolvendo a actividade agraria, gandeira ou forestal, así como Certificado de Facenda no que conste a súa situación censual.*
- *Declaración, asinada polo suxeito pasivo, de que no inmovible para o que se solicita a bonificación non se está a desenvolver unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal.*
- *Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coa Facenda estatal, autonómica e local; nin coa Seguridade Social.*
- *Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.*

O Concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos



extremos expostos ao respecto de esta bonificación.

Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. Cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal, o órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal.

6. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán de bonificación na cota íntegra do imposto relativa ao inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e onde estean empadroados os membros da unidade familiar, nalgunha das porcentaxes seguintes:

Categoría de familia numerosa	Xeral	Especial
% bonificación se o valor catastral é menor ou igual de 60.000,00 euros	70	90
% bonificación se o valor catastral está entre 60.000,01 e 100.000,00 euros	35	50
% bonificación se o valor catastral é maior de 100.000,00 euros	20	35

Para a aplicación da bonificación será requisito imprescindible a súa solicitude polo interesado, acreditando as seguintes circunstancias:

- O empadramento dos membros da unidade familiar no inmovible obxecto da solicitude.
- A condición e categoría de familia numerosa, por medio do título oficial.

Terán efectos no padrón do imposto as bonificacións solicitadas antes do un de abril de cada ano, sempre e cando resulte acreditada a concorrencia, o un de xaneiro, dos restantes requisitos.

As bonificacións aplicadas nun exercicio manterán vixencia no seguinte previa a solicitude de prórroga que os interesados deberán presentar antes do un de abril, xunto á documentación xustificativa das circunstancias sinaladas.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular.

7. Terán dereito a unha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto as vivendas e locais situados en edificios que teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo, durante os tres anos seguintes á data da instalación, sempre que estes sistemas reúnan as condicións seguintes:

- 1ª.- Que dispoñan da correspondente homologación pola Administración competente.
- 2ª.- Que a superficie dos paneis térmico-fotovoltaicos sexa polo menos de 4 m² por cada 100 m² de superficie edificada.

8. As bonificacións reguladas nos parágrafos 1, 2, 3, 4, 6 e 7 deste artigo deben ser solicitadas polo suxeito pasivo e, con carácter xeral, o efecto da súa concesión comezará a partir do exercicio seguinte ó da solicitude. Cando a bonificación se solicite antes de que a liquidación sexa firme, concederase se na data do devengo do imposto concorren os requisitos esixidos para o seu aproveitamento.

A bonificación regulada no apartado 5 terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo antes do 1 de abril do exercicio en que vaia a ter efectividade e a súa



concesión manterase para os exercicios sucesivos, sen prexuízo do establecido no parágrafo final do dito apartado.

9. As bonificacións reguladas neste artigo son compatibles entre si cando así o permita a natureza da bonificación e do ben inmovible de que se trate, e aplicaranse, no seu caso, pola orde na que aparecen relacionadas nos correspondentes apartados, minorando sucesivamente a cota íntegra do imposto.

ARTIGO 10.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVINDICACIÓN

1. O período impositivo coincide co ano natural.

2. O imposto devindicarase o primeiro día do período impositivo.

3. Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ou comunicación perante o Catastro Inmobiliario terán efectividade na devindicación deste imposto inmediatamente posterior ó momento no que se produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoibles de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

ARTIGO 11.- XESTIÓN DO IMPOSTO

1. As alteracións concernentes aos bens inmoibles susceptibles de inscrición catastral que teñan transcendencia a efectos deste imposto determinarán a obrigação dos suxeitos pasivos de formalizar as declaracións conducentes á súa inscrición no Catastro Inmobiliario, conforme ao establecido nas súas normas reguladoras.

2. A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva deste Concello, salvo delegación, e comprenderán, entre outras, as funcións de recoñecemento e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobranza, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os devanditos actos e actuacións para a asistencia e información ao contribuínte referidos ás materias comprendidas neste apartado.

3. Agruparanse nun só documento de cobranza todas as cotas deste imposto relativas a un mesmo suxeito pasivo, cando se trate de inmoibles rústicos deste municipio.

ARTIGO 12.- XESTIÓN POR DELEGACIÓN

1. Se a xestión, a inspección e a recadación do tributo foron delegadas total ou parcialmente na Deputación de Pontevedra, as normas contidas nos artigos anteriores serán aplicables ás actuacións que ten que realizar a Administración delegada, sempre que non contradigan o establecido na Ordenanza Fiscal Xeral desta última, xa que nese caso, no que respecta á recadación e ás normas de eficiencia e economía, incluído o relativo a achega de documentación polos interesados regulado no art. 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, prevalecería o establecido na normativa específica do órgano de xestión tributaria.



2. O órgano de xestión tributaria establecerá os circuítos administrativos máis adecuados para conseguir a colaboración das organizacións representativas dos suxeitos pasivos co fin de simplificar o cumprimento das obrigacións formais e materiais derivadas daquelas, ou os procedementos de liquidación e recadación.

3. Todas as actuacións de xestión e recadación que leve a cabo o órgano de xestión tributaria axustaranse ao que prevé a normativa vixente e a súa ordenanza xeral de xestión, inspección e recadación, aplicable aos procesos de xestión dos ingresos locais, a titularidade dos cales corresponde ao municipio delegante.

ARTÍGO 13. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En todo o relativo ás infraccións tributarias e as súas cualificacións, así coma ás sancións que lles correspondan, estarase ao disposto na vixente Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA.- MODIFICACIÓNS DO IMPOSTO.

As modificacións que se introduzan na regulación deste imposto polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulte de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Esta ordenanza derroga a ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmóbles vixente e as súas modificacións.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.- APROBACIÓN, ENTRADA EN VIGOR E MODIFICACIÓN DA ORDENANZA.

A presente ordenanza fiscal, na redacción aprobada polo Pleno deste concello na sesión celebrada o ... de de 2023, comezará a rexer con efectos dende o 1 de xaneiro de 2024, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación. En caso de modificación parcial da ordenanza, os artigos non modificados continuarán vixentes. >>

Segundo.- Expor ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio eno Boletín Oficial da Provincia dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade [<http://aestrada.sedelectronica.gal>].

Terceiro.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, con base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.



Cuarto.- Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

